

## CAMPAMENTO VERÁN 2022

### INFORMACIÓN XERAL:

IDADES: nenos/as a partir de 3 anos (cumpridos e autosuficientes) ata 16 anos.

PAZAS: 100 prazas

HORARIO: de luns a venres de 9:00 a 15:00h

PREZOS:

MES: Soci@s 80,00 € 2º fillo 70 € | Non soci@s 100,00 € 2º fillo 90 €

QUINCENA: Soci@s 45,00 € 2º fillo 40 € | Non soci@s 55,00 € 2º fillo 50 €

DÍAS SOLTOS: Soci@s 10,00 € | Non soci@s 14,00 €

XUÑO: Soci@s 15,00 € | Non soci@s 20,00 €

SETEMBRO: Soci@s 15,00 € | Non soci@s 20,00 €

\*Os/as nenos/as que precisen acudir por días soltos deberán avisar na oficina do Centro Cultural cun día de antelación, como mínimo. Habrá un número limitado de prazas distribuídas por idades. Unha Vez completadas, non se poderán acoller máis crianzas.

### AULA MADRUGA:

AULA MADRUGA (de 8:00 a 9:00h):

MES: Soci@s 20,00 € 2º fillo 15 € | Non soci@s 30,00 € 2º fillo 25 €

QUINCENA: Soci@s 15,00 € 2º fillo 10 € | Non soci@s 20,00 € 2º fillo 15 €

XUÑO E SETEMBRO: Soci@s 5,00 € | Non soci@s 7,50 €

DÍAS SOLTOS: Soci@s 5,00 € | Non soci@s 7,00 €

### PROCESO DE ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE PRAZAS:

As prazas ofertadas adxudicaranse seguindo a seguinte orde:

- 1º.- Familias monoparentais nas que o proxenitor traballe en horario de apertura do Campamento (aportarse certificado da empresa).
- 2º.- Familias nas que os dous proxenitores traballen en horario de apertura do Campamento (aportarse certificado da empresa).
- 3º.- Número de irmáns que acoden ó campamento.
- 4º.- Daráselle preferencia ós/ás nenos/as que elixen o mes completo sobre os que elixan unha quincena.
- 5º.- Socio/a do Centro Veciñal e Cultural de Valladares
- 6º.- Orde de inscrición.

As fichas de preinscrición poderán descargarse da páxina web ou solicitarse nas oficinas do Centro Cultural en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00h. Poderán entregarse vía correo electrónico no [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es) ou nas oficinas no horario arriba referido.

Deberán adxuntar, xunto coas fichas, os certificados da empresa na que traballan (indicando o horario) de ambos proxenitores, de ser o caso, a fin de poder ter este aspecto en conta á hora de adxudicar a praza.

Unha vez adxudicada a praza, deberán facer efectivo o pago do mes ou quincena, nas datas que se citan a continuación e enviar unha copia do pago a [cvallada@ctv.es](mailto:cvallada@ctv.es). De non ter constancia do pago na data límite de pago, procederase á adxudicación da praza o/a seguinte neno/a na lista de espera.

## **DATAS E PRAZOS:**

### DATAS:

- 17/06/22: Data límite para inscrición e para o pagamento do campamento de xuño
- 23/06/22: Comezo do campamento de xuño
- 27/06/22: Data límite para o pagamento do mes de xullo ou 1ª quincena de xullo
- 01/07/22: Comezo do campamento de xullo
- 11/07/22: Data límite para o pagamento da 2ª quincena de xullo
- 15/07/22: Comezo da 2ª quincena de xullo
- 27/07/22: Data límite para o pagamento do mes de agosto ou da 1ª quincena de agosto
- 01/08/22: Comezo do campamento de agosto
- 11/08/22: Data límite para o pagamento da 2ª quincena de agosto
- 17/08/22: Comezo da 2ª quincena de agosto
- 26/08/22: Data límite para o pagamento de setembro
- 01/09/22: Comezo do campamento de setembro
- 07/09/22: Fin do campamento de verán

## **RECEPCIÓN E RECOLLIDA DOS/AS MENORES (CADA DÍA):**

- Os/as menores deixaranse na zoa que se habilitará para este efecto. (Os adultos non poderán acceder ás aulas onde se desenvolve o campamento)
- Hora de recollida do/a cativo/a.
  - \*Estes datos serán recollidos diariamente nunha ficha que levarán os/as menores cada día a casa e deberán ser entregados cubertos antes de entrar ó campamento.

### Medidas para a saída de cada día na hora indicada:

- Os/as menores recolleranse na zoa que se habilitará para este efecto, na hora indicada na ficha de recollida de datos diaria.
- Informar á persoa que recolle se houbo algunha incidencia.

## **OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO:**

- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
- A identificarse para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.
- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado campamento, así como as de réxime interno das instalacións.

## **IMPRESINDIBLES:**

- Roupa e calzado cómodo, que permita xogar e facer obradoiros. Colocar o nome.
- Gorra e mochila . Colocar o nome.
- Auga e merenda para a media mañá.
- Protección solar : aplicala na casa antes de saír e enviarlle o bote marcado na mochila para volver a aplicala máis tarde.
- Roupa de muda: Deixarase, no campamento, unha muda completa (incluído calzado) por se sucedera algún imprevisto.
- No caso de actividades de auga: toalla de praia, bañador e calzado (serán avisados polos/as monitores/as nos días anteriores á actividade).
- Non se permiten aparatos electrónicos de ningunha índole, xoguetes ou obxectos de valor. O Centro Veciñal non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro. De ser detectados, seránlle retirados ata a saída dese día.

## **ADEMAIS EN AGOSTO...**

### CAMPAMENTO DE LECER CREATIVO

A partir de 12 anos con obradoiros temáticos por quincenas.

\*De balde para socios/as no caso de ser subvencionado pola Xunta.